

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 28 DE NOVEMBRO DO 2024.

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e oito de Novembro do Dous mil vinte e catro, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 21/11/2024

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/293

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 21/11/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN ASFÁLTICA NOS MUÍÑOS""

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/295

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 21/11/2024. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DE "MELLORA DE ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN RÚA PRAIA DA RIBEIRA""



4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/297

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 21/11/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DE “MELLORA DE ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN RÚA LUÍS SEOANE (AGUIÑO)””

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/342

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 25/11/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA “REHABILITACIÓN DEL CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓGICA DE SAN ROQUE”. POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU, EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA. LINEA 1”

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/352

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/11/2024. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DE LOS LOTES 1 Y 2, Y ADJUDICACIÓN DE LOS LOTES 3 Y 4 DEL CONTRATO DE SUMINISTRO PARA SEPARACIÓN Y RECICLADO EN ORIGEN DE BIORRESIDUOS. CUATRO LOTES: *LOTE 1* COMPOSTEROS DOMÉSTICOS PARA EL TRATAMIENTO DE BIORRESIDUOS, *LOTE 2* CALDEROS DOMÉSTICOS DE BIORRESIDUOS, *LOTE 3* KITS DE COMPOSTAJE, *LOTE 4* ACTUACIONES DE FORMACIÓN Y SEGUIMIENTO COMUNITARIO Y ACTUACIONES DE FORMACIÓN Y SEGUIMIENTO INDIVIDUAL. COFINANCIADO POR EL FONDO EUROPEO RELATIVO AL MECANISMO DE RECUPERACIÓN Y RESILIENCIA DE LA UE EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU”

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/353

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/11/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS “PAVIMENTACIÓN ASFÁLTICA NOS MUÍÑOS””

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202411/354

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/11/2024. DECRETO: “SERVICIOS DE DISEÑO E PRODUCCIÓN DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DE RIBEIRA DO ANO 2025”



9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

27333 05.11.2024 LUIS MANUEL GARCÍA TOMÉ, reforma de baño, na rúa Miguel Rodríguez Bautista, 16-4º, Ribeira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26853 30.10.2024 JOSÉ MANUEL SANLÉS MONTEMUIÑO, renovación de 44 m2 de pavimento, no lugar de Salmón, nº 39, Oleiros.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26892 30.10.2024 MARÍA ENCARNACIÓN GONZÁLEZ TORRADO, limpeza de caño e pintado, na rúa da Bouciña, nº 8, Palmeira.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26960 31.10.2024 LAURA PÉREZ PENA, cambio de fiestras, na rúa da Feira, nº 2, Ribeira.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

26885 30.10.2024 JOSÉ MELCHOR GONZÁLEZ SANTOS, abrir portal, rúa Escorial, nº 1, Ribeira.



14.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA PLANTA BAIXA. LUGAR: RÚA PUNTA DA BARCA, LUGAR DA CERCA, AGUIÑO, RIBEIRA. PROMOTORA: ANA MARTÍN LAREU

VISTA a solicitude de **licenza urbanística -PROXECTO DE EXECUCIÓN-** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA DE PLANTA BAIXA**, no lugar de **RÚA PUNTA DA BARCA, LUGAR DA CERCA, AGUIÑO RIBEIRA** da que é promotora **Dna. Ana Martín Lareu**.

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **21 de outubro de 2024**.

VISTO o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **29 de outubro de 2024**,

VISTO o **informe** emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **31 de outubro de 2024**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á **nova documentación** aportada ao **expediente da licenza de obra nº 42/23**, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 23 de novembro de 2023 a Dna. Ana Martín Lareu, consistente en Proxecto Básico e de Execución Modificado I visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 12 de decembro de 2023 así como Proxecto Básico e de Execución Modificado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 17 de outubro de 2024 redactado polos arquitectos Dna.Eva Abal Serantes e D.Alberto Martínez Naya, (col. nº 11.017 e nº 3.961 respectivamente).

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a preceptiva Comunicación previa de primeira ocupación, segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

-Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.



- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.
- Para a validación da Comunicación previa de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.



- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.



DÉCIMO PRIMEIRO:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

15.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Geckos, S.L.

Visto o escrito presentado por **Geckos, S.L.**, de data 13/11/2024 (Registro de entrada nº 27.952), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A902016360000UE, situada en Ladeiras Pol. 902 Par. 01636- Corrubedo.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 22/11/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: GECKOS S.C.

NIF: J70454137

02.DATOS DA PARCELA

Localización: LADEIRAS Pol. 902 Par. 01636- CORRUBEDO.

Ref. Catastral: 15074A902016360000UE

Plano do PXOM: Planos nº 2.10 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0305 do PBA.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 13.11.2024, obtén rexistro de entrada (RE.: 202427952), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

-Solicitude do interesado

-Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópase en solo Rústico.



Os usos e actividades permitidos, o réxime dos usos e as condicións xerais da edificación para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

[illegible]

Página 8 de 31

FIRMANTE - FECHA


LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 29/11/2024

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/11/2024

serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/11/2024 14:10:36

CSV: 07E80016068300T3H7C3L0G7W2





16.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Accenture Outsourcing Services, S.A.

Visto o escrito presentado por **Accenture Outsourcing Services, S.A.**, de data 27/11/2024 (Registro de entrada nº 27.393), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A006003870000KW, situada en Avda. de Ferrol 138 - Ribeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 22/11/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: ACCENTURE OUTSOURCING SERVICES SA
NIF: A80949175

02.DATOS DA PARCELA

Localización: AVD DE FERROL 138 - RIBEIRA
Ref. Catastral: 15074A006003870000KW
Plano do PXOM: Planos nº 3.6 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0505 do PBA.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 27.11.2023, obtén rexistro de entrada (RE.: 2022327393), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

-Solicitude do interesado

03.02. Con data do 27.06.202, obtén do departamento de rentas.

-Xustificante do pagamento dos tributos municipais.



04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.
- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópanse en solo urbano. Artigo 147: Ordenanza 6.3 – Residencial extensiva unifamiliar aillada

Ambas as parcelas consultadas atópanse en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Urbano**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, a) Aos terreos urbanos que reúnan as condicións establecidas no artigo 17.a) deste lei, aplicárase o disposto nela para o solo urbano consolidado. Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) deste lei, o disposto nela será de aplicación ao solo urbano non consolidado.

En aplicación da normativa urbanística, trátase dun uso contemplado, como uso dotacional de infraestruturas.

No PXOM non esta acotado a altura máxima para este tipo de infraestruturas de telecomunicacións..

A falta do estudo mais pormenorizado das normativas específicas de telecomunicacións, e o desenvolvemento do proxecto específico, a instalación e viable para a parcela proposta.

De conformidade co previsto no artigo 34.2 da lei 9/2014, de 9 de maio, xeral de telecomunicacións, as redes públicas de comunicacións electrónicas constitúen un equipamento de carácter básico e a súa previsión nos instrumentos de planificación urbanística ten carácter estruturante.

A súa instalación e despregue constitúen obras de interese xeral. Así mesmo, de conformidade co previsto na lei 9/2014, de 9 de maio, así como o art. 16 do R.D 123/2017, do 24 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento sobre o uso do dominio público radioeléctrico, para proceder á instalación dunha estación radioeléctrica fixa requírese a previa aprobación do proxecto técnico así como o outorgamento da autorización por parte da Secretaría de Estado competente na materia.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 157: Ordenanza 6.3 - Residencial extensiva unifamiliar aislada.

1. Definición y ámbito

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano menos densificados de los núcleos urbanos en contacto con las direcciones de carretera y calles definidas en los Planos de Ordenación, en la que se localizan viviendas unifamiliares aisladas con jardines en la parte de su parcela no edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:



Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

1.2. Usos globales

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivienda unifamiliar.

Usos admisibles: Sólo se admitirán además del uso característico las terciarias que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, tales como restaurantes, hostales, oficinas, comercios y talleres relacionados con las actividades residenciales y del sector primario, permitiéndose el uso dotacional y la vivienda colectiva, conservándose la parcela y el tipo de edificación.

1.3. Tipologías edificatorias

La tipología edificatoria es la de vivienda unifamiliar aislada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se incluye en la edificación deberá estar sujeto a la normativa sectorial que le afecte. El uso residencial queda regulado globalmente por las condiciones de habitabilidad del Decreto 311/1992.

2. Parámetros de la edificación

2.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: Tipo A: 500 m².

Tipo B: 1.000 m².

Tipo C: 1.000 m².

Frente mínimo: 12 metros.

Condiciones de forma: La forma de la parcela permitirá la inscripción de una circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: Tipo A-B-C: 30%.

Retranqueos: La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos: 3 metros y a las vías la establecida en estas normas.

2.3. Condiciones de volumen

Edificabilidad máxima: Tipo A: 0,8 m²/m²

Tipo B: 0,4 m²/m²

Tipo C: 0,4 m²/m²

Computando a estos efectos la planta semisótano a partir de una altura sobre rasante de 1 metro.

Altura de la edificación:

Número plantas: Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 m. Se admite la planta sótano.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coronación: 4,0 m. desde el último forjado.

Los porches abiertos computarán a efectos de edificabilidad la mitad de su superficie siempre que tengan una profundidad mayor que 1 metro.

Las terrazas computarán siempre la mitad de su superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Cerramiento de parcelas: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 m. pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1 metro. En el caso de cierres realizados con piedra natural la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una sola planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.



Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.


Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.


Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.



Plano nº 6.2 do PXOM. SOLO URBANO CATEGORIA 6.3-C.





Plano nº 2.12 do PXOM.

17.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA (CORRECCIÓN DE ERROS) – María del Carmen Rego Rego

Visto o escrito presentado por **María del Carmen Rego Rego**, de data 16/10/2024 (Rexistro de entrada nº 25.880), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 8787302MH9088N0001EW.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 26/11/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

CORRECCIÓN DE OFICIO - INFORME URBANÍSTICO

Exp.: 2024 INFO000117

Dona María del Carmen Rego Rego, con NIF 76.489.284-R, solicita información urbanística da parcela con referencia catastral 8787302MH9088N0001EW, polo que

Téndose detectado erros na transcripción da normativa urbanística, procédese á corrección do informe urbanístico, polo que

Informo,

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202411016_008 o día 15 de outubro de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME



Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 8787302MH9088N0001EW, no seu plano 5.16, de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Aguiño), a escala E:1/2.000 como solo urbano residencial extensivo en fileira (Ordenanza 6.2), artigo 156 do PXOM.

A Ordenanza que regula as actuacións urbanísticas nesta parcela son:

– **Ordenanza 6.2. Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano pouco densificadas dos núcleos urbanos apoiándose sobre a rede viaria tradicional, nas que se localizan vivendas colectivas acaroada a medianeiras existentes, pareadas ou illadas con xardíns na parte das súas parcelas non edificadas.

1.1.- Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2.- Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda colectiva

Usos admisibles: só se admitirán ademais do uso característico, os terciarios que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, isto é, só se admitirán as oficinas, comercios e talleres de nivel de compatibilidade similar ao doméstico.

1.3. Tipoloxías edificatorias

Vivenda colectiva acaroada a medianeiras existentes, pareada e en fileira, que deberán xustificar as súas condicións tipolóxicas para garantir a integración das novas edificacións cas preexistentes.

Esta xustificación será extensible ás condicións xeométricas, da edificación, en coherencia cas condicións xerais de parcela.

2. Parámetros da edificación



2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 200 m²

Fronte mínimo: Será de 10 m. podéndose autorizar a edificación en parcelas con fronte menor 8 m. no caso de vivendas acaroadas a medianeiras existentes ou pareadas.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima en parcela: 50%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros 3 metros e poderá recuarse da aliñación ata un máximo de 8 metros, podéndose acaroar con un dos colindantes previo acordo por escrito das partes e obrigándose a acaroar no caso de existir unha edificación con medianeira existente sobre dicha parcela; no caso de existir dúas medianeiras sobre unha mesma parcela, non se obrigará a ter unha fronte mínimo de 8 metros, nin as demais condicións de edificación.

2.3. Condiciones de volume

Edificabilidade: 1,25 m²/m²

Altura edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Se permite a planta soto, con ocupación de toda a parcela para aparcamentos e servizos.

H. máxima: 6,5 metros

Altura de coroación: será de 4,00 metros sobre o último forxado.

2.4. Elementos arquitectónicos

Igual que a 6.1.

- **Corpos voados:** Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción tales coma galerías ou miradoiros, non podendo pecharse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie. As dimensións dos voos serán as establecidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir dunha altura de 3,5 metros.
- **Balcóns:** Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 60 cm.
- **Construcións auxiliares:** Autorízase unha construción auxiliar por parcela, será obrigatoriamente de planta baixa e unha altura máxima de 3 metros, non superando en ningún caso os 30 metros de superficie. Sempre que superen os 15 m, non poderán autorizarse, sen existencia da edificación principal.
- **Comisas e aleiros:** A dimensión máxima do saínte de comisas e aleiros será de 0,4 metros.
- **Cubertas, materiais:** As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas empregando en calquera caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Se adoptarán solucións tipolóxicas propias do entorno. Se prohiben os muros de bloques sen revestir e pintar.



Na carpintería exterior do edificio poderase empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocos: tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recoméndase que os ocos das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.

Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

5. Autorizacións ou informes sectoriais

A parcela non conta con afeccións sectoriais.

18.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN MOTOCUB OS REVENTAPISTÓNS

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva Mª Betanzos Fernández, de data 26/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Motoclub Os Reventapistóns.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da VI Concentración Moteira do ano 2024 entre o Concello de Ribeira e a entidade organizadora, Asociación Motoclub Os Reventapistóns, co obxectivo de complementar as ofertas culturais, lúdicas e deportivas para dinamizar a economía local e hostaleira do Municipio de Ribeira.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 27/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobación do borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Motoclub Os Reventapistóns.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

19.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL O SERRIÑO OS MILLORES DE AGUIÑO

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Mar, Fernando Abraldes Pérez, de data 22/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural O Serriño Os Millores de Aguiño.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da VIII edición



da Festa da Navalla de Aguiño 2024.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 26/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural O Serríño Os Millores de Aguiño.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

20.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA – FEIRA GASTROMAR

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Mar, Fernando Abraldes Pérez, de data 22/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da III Feira Gastronómica Gastromar do ano 2024.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 26/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

21.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE RIBEIRA E AGUIÑO

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Mar, Fernando Abraldes Pérez, de data 22/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Confraría de Pescadores de Ribeira e Aguiño.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da XXV edición da Festa do Percebe 2024.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 26/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus



membros:

Primeiro.- Aprobación do borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Confraría de Pescadores de Ribeira e Aguiño.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

22.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA - CAMPAÑA NADAL

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva M^a Betanzos Fernández, de data 25/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración da Campaña de Nadal 2023-2024.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 26/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobación do borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

23.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA – CAMPAÑAS ANUAIS DE COMERCIO

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva M^a Betanzos Fernández, de data 25/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en regular a celebración das Campañas Anuais de Comercio.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 26/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobación do borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira.



Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

24.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL LAJAREU POR BARLOVENTO

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Xavier Vidal Peón, de data 22/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Lajareu por Barlovento.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en impulsar a práctica do deporte, en especial a vela tradicional.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 26/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Lajareu por Barlovento.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

25.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE PISTA DE XEO EN AVENIDA DO MALECÓN (RIBEIRA) – Asociación de Empresarios de Ribeira

Visto o escrito presentado pola **Asociación de Empresarios de Ribeira**, como representante Francisco Manuel Martínez Gude, na data 22/11/2024 (Nº de rexistro de entrada 202428703), no que solicitan autorización para instalar unha “PISTA DE XEO” no Malecón de Ribeira, nas inmediacións da oficina de Turismo/OMIC.

Vista a proposta de resolución emitida pola Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva Betanzos Fernández, de data 25/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda informar** ao solicitante que este concello non ten inconveniente na instalación da pista de xeo, sen embargo, tendo en conta que a localización que solicita a Asociación de Empresarios de Ribeira para instalar a pista de xeo non é de titularidade municipal, é preciso que a entidade solicitante, a Asociación de Empresarios de Ribeira, deberá realizar a solicitude de ocupación á administración competente que, neste caso, é **Portos de Galicia**.



26.- AUTORIZACIÓN DE USO DO COMPLEXO DEPORTIVO A FIEITEIRA AO CLUB NATACIÓN RIBEIRA, PARA A CELEBRACIÓN DUNHA COMPETICIÓN FEDERADA DE "NADA E CORRE"

LOGO DE VER que Dna. María Villar Loureiro, en representación do Club Natación Ribeira, presenta escrito de data 19/11/2024, con número de rexistro de entrada municipal 28.331, solicitando:

"QUE POR MOR DE CELEBRACIÓN DA COMPETICIÓN FEDERADA FINAL GALEGA DO NADA-CORRE SOLICITAMOS: PERMISO PARA A UTILIZACIÓN DA PISCINA DE 9.00 A 12 DA MAÑÁ O DÍA 15 DE NOVEMBRO E A CONTINUACIÓN A UTILIZACIÓN DA PISTA DE ATLETISMO E A PISTA DE BALONCESTO PARA A ENTREGA DE PREMIOS ATA ÁS 15.00 APROXIMADAMENTE."

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."
- Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
"Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas".
- A piscina municipal "María Vilas", o estadio de atletismo "Ana Peleteiro" e o polideportivo A Fieiteira non teñen actividade programada para a data solicitada (excepto o uso regular das persoas usuarias do Complexo Deportivo A Fieiteira).
- En caso de acceder ao solicitado, implicaría ter que pechar as zonas anteriormente mencionadas (piscina, estadio e polideportivo) ao público durante o período de cesión.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 25-11-24, así como a proposta de resolución do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 25-11-24, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes,adopta o seguinte acordo:

Autorizar o uso da piscina municipal "María Vilas", o estadio de atletismo "Ana Peleteiro" e o polideportivo A Fieiteira ao Club Natación Ribeira, para a celebración dunha competición federada "Final Galega de Nada e Corre", cos seguintes condicionantes:

- A autorización será **gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da "Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais", o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A autorización de uso das instalacións será só para o **domingo 15 de decembro de 2024**:
 - De 09.00 a 12.00 horas, a piscina "María Vilas".
 - De 11.30 a 13.30 horas, o estadio de atletismo "Ana Peleteiro".
 - De 13.30 a 15.00 horas, o polideportivo "A Fieiteira".
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.



- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.

27.- AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DO POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA Á ANPA DO CEIP FRIÓNS, PARA A REALIZACIÓN DUN FESTIVAL DE NADAL

LOGO DE VER que A ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS FRIÓNS COLEXIO PÚBLICO FRIÓNS, presenta escrito de data 15/10/2024, con número de rexistro de entrada municipal 25.758, solicitando:

“O POLIDEPORTIVO A FIEITEIRA PARA PODER CELEBRAR O FESTIVAL DE NADAL DO COLEXIO O 20 DE DECEMBRO DE 2024 DE 15:00 A 21:00 POR CARECER DUN ESPAZO CUBERTO PROPIO E ADECUADO PARA ACOLLER A LO MENOS 150 PERSOAS. A ACTIVIDADE SERÁ DESTINADA PARA SOCIOS DA ANPA SEN ÁNIMO DE LUCRO. CONTAREMOS CON DJ PARA A MÚSICA, HINCHABLES E MERENDA. O TEMPO REQUERIDO ALBERGA A MONTAJE E DESMONTAXE DE DITA ACTIVIDADE”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.”
2. Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
3. O pavillón A Fieiteira, non ten actividade programada para a data solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 25-11-24, así como a proposta de resolución do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 25-11-24, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes,adopta o seguinte acordo:

Autorizar a cesión do polideportivo A Fieiteira”, para a celebración dun festival de Nadal, cos seguintes condicionantes:



- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para o **venres 20 de decembro de 2024 de 15.00 h. a 21.00 h.**
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

28.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2024

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 18/11/2024, na que solicita se dea trámite ao correspondente procedemento administrativo para a posta en marcha da convocatoria de achegas para apoiar as actividades de carácter cultural desenvoltas durante o exercicio 2024 polas entidades e asociacións sen ánimo de lucro formalmente constituídas.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 14/11/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a convocatoria e bases específicas de achegas destinadas a entidades e asociacións sen ánimo de lucro para a promoción de actividades culturais correspondentes ao exercicio 2024.



29.- PROPOSTA DE REORDENACIÓN DO TRÁFICO NO PERÍMETRO DA CASA DO MAR DE AGUIÑO

Queda sobre a mesa pendente de estudo a proposta remitida pola Policía Local, de data 21/11/2024, relativa á reordenación do tráfico no perímetro da Casa do Mar de Aguiño, e a instancia do escrito presentado por José Manuel Muñiz Millet en data 30/09/2024 (Registro de entrada nº 24.529).

30.- AUTORIZACION PARA CORTA DE ÁRBORES EN SOLO URBANO - Juan Ricardo Outeiral Sieira

ASUNTO:	COMUNICACIÓN DE CORTA DE ÁRBORES
PARAXE/LUGAR/PARROQUIA:	DEÁN GRANDE, NÚM. 56, RIBEIRA
REF. CATASTRAL:	15074A938009120000UM
EXPEDIENTE:	2024/TMA-000080
SOLICITANTE:	JUAN RICARDO OUTEIRAL SIEIRA (**959**)
TIPOLOXÍA DO SOLO:	SOLO DE NÚCLEO RURAL

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado por Juan Ricardo Outeiral Sieira, de data 19 de novembro de 2024 (entrada núm. 28.366), mediante o que solicita autorización para cortar unhas árbores na súa finca, no lugar de Deán Grande, núm. 56, Ribeira.

Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 20 de novembro de 2024, no que se conclúe que a solicitude non precisa efectuar o trámite de corta (declaración / autorización) ante a administración autonómica competente na materia, a Consellería de Medio Rural; indica a clasificación do solo no que se pretende levar a cabo a acción; e establece unhas condicións para o desenvolvemento dos traballos.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

De conformidade co previsto no artigo 2.2 da *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia*, o solo onde se prevé realizar a corta (solo de núcleo rural) non ten a consideración de monte ou terreo forestal.

De conformidade co previsto no artigo 6.2.c) do *Decreto 73/2020, do 24 de abril*, non requiren declaración responsable nin autorización administrativa: “c) *Os aproveitamentos forestais en terreos que non teñan a consideración de monte, sen prexuízo da excepción prevista para os terreos de especial protección na Lei 7/2012.*”

3. RESOLUCIÓN

Vista a proposta de resolución emitida ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 20/11/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a corta das árbores obxecto da solicitude, nas condicións referidas no informe emitido polo Servizo Municipal de Medio Ambiente, que se achega en anexo a este acordo:



ANEXO

INFORME DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

ASUNTO:	COMUNICACION DE CORTA DE ARBORES
PARAXE/LUGAR/PARROQUIA:	DEÁN GRANDE, NUM. 56, RIBEIRA
REF. CATASTRAL:	15074A938009120000UM
EXPEDIENTE:	2024/TMA-000080
SOLICITANTE:	JUAN RICARDO OUTEIRAL SIEIRA (**959**)
TIPOLOXÍA DO SOLO:	SOLO DE NÚCLEO RURAL

1. Obxecto do informe:

O presente informe redáctase co obxecto de comprobar se existe algún inconveniente, dende o punto de vista ambiental, en relación coa solicitude presentada, e co ánimo de comprobar que prevea as medidas de protección e correctoras adecuadas para minimizar a incidencia ambiental da actuación segundo as determinacións da normativa aplicable, ou, de ser o caso, de incorporar aquelas medidas que se estimen convenientes.

2. Lexislación básica aplicable:

- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
- Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia

3. Informe:

Por parte do interesado efectúase comunicación de corta duns pés arbóreos (6 castiñeiros, 1 cereixeira e 10 loureiros) localizados na parcela de referencia catastral 15074A938009120000UM, localizada no lugar de Deán Grande, núm. 56, Ribeira.

De conformidade co previsto no artigo 2.2 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, o solo onde se prevé realizar a corta non ten a consideración de monte ou terreo forestal.

De conformidade co previsto no artigo 6.2.c) do Decreto 73/2020, do 24 de abril, non requiren declaración responsable nin autorización administrativa: "c) Os aproveitamentos forestais en terreos que non teñan a consideración de monte, sen prexuízo da excepción prevista para os terreos de especial protección na Lei 7/2012."

CSL: 07E80016068300T3H7C3LOG7W2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80016068300T3H7C3LOG7W2 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: TMA-000080
	IGNACIO LUIS FERNANDEZ VEIGA-TÉCNICO MEDIO AMBIENTE - 20/11/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2024 12:20:56	Fecha: 10/11/2024 Hora: 00:00 Unid. reg: REGISTRO GENERAL



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80016068300T3H7C3LOG7W2 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 2024143459
	LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 29/11/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/11/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/11/2024 14:10:36	Fecha: 29/11/2024 Hora: 14:10



Atendendo ao exposto nos parágrafos anteriores, esta solicitude non precisaría efectuar o trámite de corta (declaración / autorización) ante a administración autonómica competente na materia, a Consellería de Medio Rural.

Consideracións:

- Clasificación do solo no que se pretende levar a cabo a acción:

O solo onde se prevé efectuar a corta das árbores está clasificado como solo de núcleo rural.

Consulta efectuada na aplicación SIOTUGA:

Resúmen de ordenación							
codine	iddec	ley	cla_ley	cat_ley	cla_homo	cat_homo	cat_plan denom uso
15073	22507	1997	SNR		Solo de núcleo rural	Solo de núcleo rural sen categorizar	residencial

- De conformidade co previsto na normativa en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable aplicaranse subsidiariamente os criterios establecidos nos artigos 20 bis, 21, 21 ter, 22 e 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Conclusión:

No ámbito das competencias municipais e coas funcións atribuídas a este servizo informo favorablemente a solicitude efectuada coas seguintes condicións:

- Deberán adoptarse as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e dos bens.
- Unha vez finalizados os traballos retiraranse ou trituraranse todos os restos que afecten aos espazos públicos e ás propiedades lindoiras.
- Se como consecuencia da execución dos traballos de corta e saca resultase afectado algún camiño de titularidade pública ou servizo, deberá ser reparado ao finalizar as tarefas.

4. Documentación achegada:

- Plano de localización (catastral).

O Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga (sinatura dixital)

2

CSV: mE80016068300T3H7C3L0G7W2

	La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EB0015F18200L0P0X4V8C4X7 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA IGNACIO LUIS FERNANDEZ VEIGA-TECNICO MEDIO AMBIENTE - 20/11/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2024 12:20:58	EXPEDIENTE :: 2024/14-06/000 Fecha: 19/11/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL 
---	--	---	--




La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80016068300T3H7C3L0G7W2 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241443459
	LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 29/11/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/11/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/11/2024 14:10:36		Fecha: 29/11/2024 Hora: 14:10



CSV: 07E80016068300T3H7C3L0G7W2

Anexo:

- Plano de localización.



3

CSV: 07E80016068300T3H7C3LOG7W2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80016068300T3H7C3LOG7W2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
IGNACIO LUIS FERNANDEZ VEGA-TECNICO MEDIO AMBIENTE - 20/11/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 20/11/2024 12:20:56

EXPEDIENTE :: 2024TNA-080000
Fecha: 19/11/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Paz Nogueira (O DA RUBIA)

VISTO o escrito presentado por **Verónica Elena Paz Nogueira** en representación establecimiento “O da Rubia” (Ribeira), de data 25/11/2024 (Registro de entrada nº 28.743),



no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “O da Rubia” (Ribeira), todos os venres do mes de decembro de 2024, en horario de 20:00 h. a 01:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Verónica Elena Paz Nogueira, para eventos musicais no establecemento hostaleiro “O da Rubia” (Ribeira), todos os venres do mes de decembro de 2024, en horario de 20:00 h. a 01:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “O da Rubia” (Ribeira) (Verónica Elena Paz Nogueira), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa



vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

32.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Mónica Santamaría Abeijón (CARBALLOSA)

VISTO o escrito presentado por **Mónica Santamaría Abeijón** en representación establecemento “Carballosa Cafetería, S.L.” (Ribeira), de data 26/11/2024 (Rexistro de entrada nº 28.880), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Carballosa Cafetería, S.L.” (Ribeira), o día 14/12/2024, en horario de 23:00 h. a 01:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Mónica Santamaría Abeijón, para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Carballosa Cafetería, S.L.” (Ribeira), o día 14/12/2024, en horario de 23:00 h. a 01:30 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Carballosa Cafetería, S.L.” (Ribeira) (**Mónica Santamaría Abeijón**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que



se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*



- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

33.- SOLICITUDE INSTALACIÓN PUNTOS DE VENDA SOLIDARIA – Asociación Pro Saúde Mental A Creba

Visto o escrito presentado por José Ramón Girón García en representación de **Asociación Pro Saúde Mental A Creba**, de data 20/11/2024 (Rexistro de entrada nº 28.513), no que solicita autorización para a instalación de dous puntos de venda de material e agasallos de Nadal elaborados nos obradoiros da entidade, os días 11 e 18/12/2024, en horario de 10:30 h. a 13:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación de dous puntos de venda de material e agasallos de Nadal elaborados nos obradoiros da entidade, os días 11 e 18/12/2024, en horario de 10:30 h. a 13:00 h.
- Deberá ponerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación dos citados postos de venda solidaria.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

34.- SOLICITUDE LOCAL MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN EVENTO BENÉFICO – Natalia Gil García

Queda sobre a mesa pendente de estudo, o escrito presentado por **Natalia Gil García**, de data 20/11/2024 (Rexistro de entrada nº 28.514), no que solicita a cesión de uso dun local municipal para a celebración dun mercadillo/merenda con fins benéficos.

35.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN USO SALÓN DE ACTOS DO NOVO AUDITORIO DE RIBEIRA – Partido Popular de Ribeira

Visto o escrito presentado por Elvira Pisos Arnoso en representación do **Partido Popular de Ribeira**, de data 09/10/2024 (Rexistro de entrada nº 25.404), no que solicita a cesión de uso do salón de actos principal do novo auditorio de Ribeira, o día 18/12/2024, en horario de 15:00 h. a 23:59 h., co motivo da celebración dun acto de confraternidade de Nadal con afiliados e simpatizantes do Partido Popular de Ribeira.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a cesión de uso do salón de actos principal do novo auditorio de Ribeira, o día 18/12/2024, en horario de 15:00 h. a 23:59 h., co motivo da celebración dun acto de confraternidade de Nadal con afiliados e simpatizantes do Partido Popular de Ribeira.
- Os gastos de apertura do auditorio serán a costa do solicitante.
- Deberán ponerse en contacto co Departamento de Cultura para a coordinación do evento.
- Dar traslado deste acordo ao Departamento de Cultura para o seu coñecemento.

36.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN EVENTO SOCIOCULTURAL EN ESPAZO PÚBLICO – Asociación Agroecolóxica Sachos á Rúa

Visto o escrito presentado por Manuel González González, en representación da **Asociación Agroecolóxica Sachos á Rúa**, de data 26/11/2024 (registro de entrada nº 28.841) no que solicita autorización para a celebración dun evento sociocultural denominado “Cine na rúa e activismo social”, o día 30/11/2024, na Praza do Rueiro (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración do evento sociocultural denominado “Cine na rúa e activismo social”, o día 30/11/2024, na Praza do Rueiro (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

